

# UNHA NOTA SOBRE QUINTILIANO NO MOSTEIRO DE LÉREZ

Xosé Abelleira Sanmartín



Quintiliano

É tanta e tan poderosa ainda a presenza da cultura clásica que, ás veces, non deixan de resultar sorprendentes as mostras que se nos aparecen en distintos contextos, formatos, circunstancias. Mais abraiente é a banalización que disto se exhibe sen rubor con frecuencia nalgúns comentarios, debida sen dúbida ao descoñecemento e ao dilettantismo *à la page*, ou a desconsideración que minimiza un elemento nuclear "constitutivo" do que somos como nación e como cultura. Engádase o mundo de estudos que, en relación co que comentamos, queda por facer; entre outros propósitos para coñecermos o noso pasado, as pezas integradoras do mesmo, as liñas que nos foron conformando como galegos. Xúntense a falta de apoio, cando non negación premeditada, das institucións correspondentes en Iles daren pulo ás necesidades que nesta materia -corma noutras tantas- ten obxectivamente o noso país, ou as intensas dinámicas hostis, as "ruínas"

que -tamén calculadamente- se promoven contra as humanidades, contra a súa dignidade e valor, sobre todo para situacions dende as que se pode cuestionar ideolóxica, política ou culturalmente o *status quo*.

Sirva de limiar as anteriores palabras para encadrar esta nota que segue. Non sería difícil elaborar cando menos unha descripción detallada de toda canta peza ou "factor" de orixe grecolatina que ao longo dos tempos contribuiu á xénesis de Galiza como realidade. Tarefa esta ainda pendente e tan necesaria, máxime actualmente cando o espuriñismo acentúa con novos e variados mecanismos (a LOMCE, un deles) as dependencias, as negacións. Este labor, toxicamente transversal e combinador de diacronías, sincronías, espazos e representacións, que debería ter como criterio orientador a mirada a partir de nós e non como sucedáneos de ninguén ou sombras proyectadas dende fóra, debería privilexiar por operatividade os ámbitos locais. Tal sería, por exemplo, o caso de Lérez. Vénnos á cabeza algúns exemplos onde os elementos clásicos se usan, aparecen, "reviven" en cantidade de documentos relacionados con esta parroquia. Seleccionemos tres. O primeiro, ao que xa temos aludido (*Cedofeita 15*), ten a ver coa estrutura e disposición literaria, recursos e mais ecos da literatura clásica no documento de doazón do castelo de Cedofeita de 1169. Lembremos nel a sintaxe "clásica" propia de historiadores como Tito Livio, por citar un. Outro (podríamos ir ata o grego Homero, mais é relevante nisto Teócrito ou o texto

bíblico) podería ser a presenza do tópico do "locus amoenus" na posseión que Xelmírez tiña en Guxilde, sita nun "ameno val xunto a Lérez" como nos di a *Historia Compostelká*, l. 82. Ou tamén as pinceladas claramente clásicas, nesta mesma fonte, en expresións como "ardua montium" e "concava vallum" (é dicir, "escarpados montes" e "profundos vales" para describir o itinerario tan incómodo percorrido polo arcebispo Mauricio dende Braga a Lérez para consagrar como bispos a Munio e Hugo), uns xiros que nos levan á literatura latina e nos conectan estilisticamente con autores como Ovidio (*Metamorfoses* VIII,334;602), Virxilio (*Eneida* II,332), Apuleio (*O osno de oura*, XI, 2-2), ou posteriormente San Xerome (a 7<sup>a</sup> das *Tentaciones in eremo*, *Epistola XXII ad Eustochium*), a Crónica latina dos Reis de Castela de 1236 (vid. Parágrafo 23, liñas 2-3, na edición de G.Cirot, V.14, *Bulletin Hispanique*, 1912) etc.

Mais a presenza que gostaría de comentar é de distinto teor, tanto en trazos como en cronoloxía. Pois, entre outros aspectos, aparece mencionado explicitamente o autor e situado nunhas coordenadas precisas, mesmo temporais. Tamén como elemento diferenciador respecto ás anteriores mostras é que agora estamos ante un documento inédito. Aparece no "Inventario de propiedades y escrituras" do mosteiro de San Salvador de Lérez, integrado por cinco pezas, conservado no Archivo Histórico Nacional (para cando un Arquivo Histórico Nacional Galego e o traslado correspondente de todo o noso patrimonio textual incautado


e levado fóra do noso país?) e que se identifica coa referencia ES.28079 AHIN/3.1.2.3.67- 5458. Aquí nestes "inventarios", dos anos 1820/25, cando no mosteiro parece que habería uns quince monxes, en pleno apoxeo das loitas entre liberais e absolutistas -en que se pecha un tempo o Colexio, no ano 23- e o reinado de Fernando VII, recóllense propiedades rústicas e urbanas do mosteiro, foros, arrendos, censos, bens artísticos ("quadros"), fondos bibliográficos, mobiliario, obxectos relixiosos e outras pertenzas (por exemplo cálices, casullas, panos, capas pluviais, toallas, cruz). É de interese, do que aparece como libros, a literatura benedictina e haxiográfica: "Sol del Occidente", "Vidas de santos", "Quaestiones escolásticas" (sic). Enlacemos isto, por facer memoria, co propio documento de doazón do mosteiro a cargo do Rei Ordoño II, que nos leva a comezos do século X, onde xa aparece mención non só de obxectos e ornamentos propios da orde monástica como libros sagrados, misais, antifonais, senón tamén a mención dun exemplar da propia

Regula Benedicti, que se foi imponiendo en case todos os mosteiros de Europa occidental. Asemade resulta importante o anotamento de materiais para a prenda e os oficios ("Omilia sanctorum", "Ceremonial Monástico"), ou, áinda que se afirme (inventario 4) que "este monasterio no tubo Biblioteca formal, solo se conservan algunos libros y obras incompletas muy mal tratados, en especial después dela ynvasion de los franceses..."), a mención de manuais como "Anales de Aquitania", "Historia Francesa de Benneau", "Cardenal Richelieu" (sic)...

Pois ben, áinda sendo de importancia o anterior, ou outros rexistros máis que anecdóticos como a "barra de piedra para custodiar las lampreas en el tiempo de pesca de ellas, frescanales de piedra en el mismo río para dicho efecto muy deteriorados" ou o que se gardaba na "dispensa" (destaquemos "las dos docenas de lampreas curadas" e "dos cerdos valor cada uno doscientos reales"), cómpre resaltar fondos como a "Suma" (sic) de Santo Tomás de Aquino, as obras

de San Xoán de Crisóstomo (un dos grandes predicadores do século IV) ou, á súa carón, "en el tramo quarto del mismo estante 2/3 cajón un tomo viejo y estropeado titulado F. Quintiliano de afolio".

Chegados aquí, debemos lembrar que Marco Fabio Quintiliano (nacido no século I en Calagurris, actual Calahorra) pasa por ser o primeiro profesor de retórica pagado polo "Estado", en concreto polo emperador Vespasiano, cun soldo anual de cen mil sestercios, feito que delata a transcendencia que os emperadores flavios lle concedían xa á eloquencia como "aparato" do poder, papel potenciado coa rede de escolas espallada por todo o imperio por Adriano. Quintiliano é autor da monumental *Instituto oratoria*, un amplio manual de retórica en doce libros onde se recollen todos os aspectos para a formación do orador e, asemade, se describe ben o que era o sistema educativo romano. Esta obra exemplar, que usa como referencia o ideal moral da declamación definido por



Mosteiro de Lérez. Placa conmemorativa a Feijoo e Samiento

Catón ("vir bonus dicendi peritus") e o modelo de Cicerón ("sinónimo da mesma elocuencia"), pedagógica no seu tono e útil polo que nela se recolle e da cal todo ten proveito, ainda que se explica moi ben como produto do seu tempo, exerceu gran influencia posterior, debido mesmo á gran cantidad de ingredientes que reúne, á súa flexibilidade, facilmente adaptable a circunstancias e contextos diferentes. Isidoro de Sevilla coñecíaa, igual que despois Xoán de Salisbury. Os "sermones" medievais gardan con ela máis que ecos. Logo Petrarca dá protagonismo ao autor dela nunha das súas ficticias Epistolas familiares. Do XV ao XVII, sobre todo, está constantemente presente, en eidos paganos ou relixiosos. Salutati, nos escenarios xa humanísticos, escribe "Ciceronis fluvius, Quintiliani acumina", é dicir, "Cicerón é un río, Quintiliano é a agudeza" (ambos autores tantas veces unidos). En 1416 Poggio Bracciolini descobre un manuscrito íntegro de *Institutio oratoria*, o chamado dende entón "Quintiliano completo", na abadía suíza de San Galo. Vérmolo logo polas páginas de: Ficino, Poliziano, Pico della Mirandola, Bembo, Aldo Manuzio (editor seu), Maquiavelo, Erasmo, Soares de Brito (o grande crítico barroco de Camões), Montaigne, Rousseau...

Precisamente uns poucos anos antes de nacer Rousseau temos no mosteiro de Lérez dúas grandes figuras do pensamento. Feijoo, onde estará como profesor durante oito anos ata 1709, e Sarmiento, que permanecerá nove anos como alumno ata 1710, antes de ir a Oviedo e Madrid, respectivamente. Ambos os dous leran a Quintiliano. Feijoo mesmo no tomo I do *Teatro Crítico Universal*, no discurso 15 "paralelo de las lenguas" (ano 1726) recolle a testemuña popular da posible orixe hispánica de "gurdus", tal como a oíra o escritor calagurritano no seu

tempo (*Institutio Oratoria*, I, cap.9), unha palabra que tivo entrada no latín na época do escritor, segundo atendemos ao feito de que aparece xa rexistrada nalgún fragmento referido ao Cocomnero, un dos mimos do atractivo Laberio. Opinión, ademais, que posteriormente recollerían e comentarían grandes lingüistas como Meyer-Lübke no seu *Wörterbuch*, Corominas, Segura Munguía, de Hoz, ou Moralejo. Unha etimoloxía, de raíz indoeuropea, ainda hoxe discutida e para a cal se aportan tamén procedencias galas, vascas, célticas grosso modo. Noutro discurso, o 14, no 4 tomo da mesma obra citada (ano 1730), Feijoo concibe a Quintiliano superior ao propio Cicerón.

Estaría durante a estadía de Feijoo en Lérez a obra de Quintiliano recollida no "inventario" no mosteiro? Coido que é difícil contestar a iso de xeito contundente. Sen embargo, o impacto de *Institutio oratoria* foi tanto en todo lugar, época e circunstancias que non se descarta, o cal non quere decir que o noso ilustrado non a lea tamén posteriormente cando se vai de Lérez con 33 anos á Universidade de Oviedo a ensinar teoloxía. Así e todo, se vemos en perspectiva de máis longo alcance, non debemos ignorar

que o mosteiro de Lérez acolleu en tempos de Carlos V, en 1540, a reforma que establecería Inocencio VIII coa Bula *Quanta in Dei Ecclesia* de 1487, como se ve dos tempos dos "Reis Católicos", que implicaría a dependencia da Congregación de Valladolid; e, por outra banda, que é en 1661, no reinado de Filipe IV, cando lle é concedido o Colexio de Artes. Pensemos, igualmente, que nos mosteiros e colexiós beneditinos, tanto para os alumnos de pouca idade como logo para os novicios, unha das tarefas cotiás de estudio consistía no perfeccionamento do latín e da súa gramática, xunto ás clases de moral, música, e os recitados e prácticas retóricas, base da formación predicatora. Tendo isto en conta, a obra de Quintiliano acaña ás necesidades. E non esquezamos o cuantioso repertorio de destacados abades que acadaron o grao máis elevado na carreira do púlpito, o de predicador xeral, no mosteiro de Lérez como Fr. Luís de Bustamante, Fr. Alonso Antelo, Fr. José Gobeo, Fr. Antonio Leboso, Fr. Leandro Con, Fr. Manuel Muro, por citar algúns. Ergo, é posibel e probabel que xa desde o século XVII, na época da concesión do Colexio, o autor da *Institutio* estivese presente entre as paredes do mosteiro.



Placa dedicada a Feijoo e Sarmiento, pola Soc. Arqueolóxica de Pontevedra. 1930